



## NOTA INFORMATIVA ACTUALIZADA SOBRE AS RESTRIÇÕES SANITARIAS POLA COVID-19 NAS PISCINAS

### NORMATIVA ACTUALIZADA

[Lei 2/2021, do 29 de marzo, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19.](#)

[Real Decreto-lei 13/2021, de 24 de xuño, polo que se modifican a Lei 2/2021, do 29 de marzo, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, e o Real Decreto-lei 26/2020, de 7 de xullo, de medidas de reactivación económica para facer fronte ao impacto do COVID-19 nos ámbitos de transportes e vivenda.](#)

[Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.](#)

[ORDE do 7 de outubro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e se modifican a Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia e a Orde do 29 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de lecer nocturno da Comunidade Autónoma de Galicia.](#)

### MEDIDAS DE RESTRICIÓN APLICABLES EN PISCINAS E PARQUES ACUÁTICOS

- Distancia de seguridade interpersoal:  
Distancia de, polo menos, 1,5 metros ou, na súa falta, medidas alternativas de protección física con uso de máscara, de hixiene adecuadas e etiqueta respiratoria.
- Uso de máscara:
  - Exceptuado: durante o baño ou no uso das atraccións acuáticas e mentres se permaneza nun espazo determinado, sen desprazarse, e sempre que se poida garantir o respecto da distancia de seguridade interpersoal. Tamén son incompatibles co uso de máscara as actividades de socorrismo ou rescate no medio acuático, así como a práctica do deporte no medio acuático natural ou artificial.
  - Obrigatorio: nos accesos, desprazamentos e paseos; no uso dos vestiarios, agás nas duchas, sempre que non se poida manter a distancia de seguridade interpersoal entre persoas non conviventes.



- Piscinas de hoteis, albergues, aloxamentos turísticos e comunidades de persoas propietarias:  
Rexeranse polas regras aplicables ao resto de piscinas.
- Piscinas unifamiliares de uso privado:  
Excluídas das regras aplicables ao resto de piscinas.
- Parques acuáticos:
  - Capacidade máxima do 90%, sempre mantendo a distancia de seguridade interpersoal.
  - Mecanismos de control de accesos, tanto nas entradas e saídas do recinto coma nos accesos ás distintas atraccións, evitando as aglomeracións.
  - Emprego de flotadores ou outros elementos nas atraccións:
    - De xeito individual, agás menores ou persoas que precisen asistencia.
    - Intensificar a limpeza e desinfección dos obxectos de uso compartido.
- Piscinas ao aire libre ou cubertas:
  - Acceso e práctica deportiva ou recreativa: ocupación máxima do 90%, sempre mantendo a distancia de seguridade interpersoal.
  - Exposición ao público da capacidade máxima en lugar visible.
  - Establecemento de procedementos de reconto e control da capacidade, de forma que esta non sexa superada en ningún momento.
  - Sistemas de acceso que eviten a aglomeración de persoas e que cumpran coas medidas de seguridade e protección sanitaria.
- Actividade física e deportiva non federada en piscinas:
  - Permitida en instalacións e centros deportivos (ao aire libre ou cubertos).
  - Poderá realizarse de forma individual ou colectiva.
- Ventilación en piscinas cubertas:
  - Mínimo de 30 minutos ao inicio e remate da xornada, de xeito frecuente durante esta e obrigatoriamente ao remate de cada clase ou actividade de grupo.
  - Ventilación mecánica: aumentar a subministración de aire fresco e limitarase ao mínimo indispensable a función de recirculación do aire interior.
- Duchas e lavapés ao aire libre:  
1 persoa, sempre que se manteña a distancia de seguridade interpersoal, agás menores ou persoas que precisen asistencia.
- Aseos e vestiarios:
  - Ocupación máxima do 100%, se teñen cabinas.
  - Ocupación máxima do 75%, se non dispoñen delas
- Zonas de ducha das piscinas en instalacións cubertas:  
75% delas dispoñan ou non de cabinas



- Limpeza e desinfección de aseos, vestiarios e duchas:
  - Con carácter previo á apertura de cada xornada.
  - Con dilucións de lixivia (1:50) recentemente preparada ou desinfectantes con actividade viricida debidamente rexistrados: [https://www.mscbs.gob.es/profesionales/saludPublica/ccayes/alertasActual/nCov/documentos/Listado\\_virucidas.pdf](https://www.mscbs.gob.es/profesionales/saludPublica/ccayes/alertasActual/nCov/documentos/Listado_virucidas.pdf)
- Equipamentos e materiais das piscinas:  
Tales como vasos, liñas de separación, material auxiliar de clases, reixa perimetral, caixa de primeiros auxilios e armarios.
  - Limpeza e desinfección: con dilucións de lixivia (1:50) recentemente preparada ou desinfectantes con actividade viricida debidamente rexistrados: [https://www.mscbs.gob.es/profesionales/saludPublica/ccayes/alertasActual/nCov/documentos/Listado\\_virucidas.pdf](https://www.mscbs.gob.es/profesionales/saludPublica/ccayes/alertasActual/nCov/documentos/Listado_virucidas.pdf)
- Uso de papeleiras:  
Para depositar panos e calquera outro material desbotable.
  - Limpeza de forma frecuente e, polo menos, unha vez ao día.
- Zonas de estadía das piscinas e parques acuáticos:  
Situación de obxectos persoais, toallas, hamacas e elementos de xeito que se poida manter a distancia de seguridade interpersoal.
- Información ás persoas usuarias nas piscinas:
  - Mediante cartelaría visible ou mensaxes de megafonía.
  - Información sobre normas de hixiene e prevención, así como a necesidade de abandonar a instalación ante calquera síntoma compatible co COVID-19.
  - Co fin de facilitar a cartelaría atópase diverso material informativo na páxina web da consellería de sanidade: <https://coronavirus.sergas.gal/Material-informativo>
- Práctica deportiva federada de ámbito autonómico en piscinas:  
Segundo os protocolos Fisicovid-Dxtgalego: <https://deporte.xunta.gal/gl/guias-dxt-galego>
- Práctica deportiva federada de ámbito nacional en piscinas:  
Segundo os protocolos federativos correspondentes: <https://www.csd.gob.es/es/federaciones-y-asociaciones/federaciones-deportivas-espanolas>



## CADRO-RESUME DAS RESTRICIÓN EN PISCINAS E PARQUES ACUÁTICOS

INSTALACIÓN ABERTAS AO PÚBLICO	CAPACIDADE MÁXIMA			
	Vaso e acceso	Aseos e vestiarios	Zonas de ducha en instalacións cubertas	Duchas e lavapés ao aire libre
-Todas as piscinas -Todos os parques acuáticos	90%	-100% con cabinas -75% sen cabinas	75%	1 persoa*

\* Os menores e as persoas que necesiten asistencia, poden contar co seu acompañante.

VENTILACIÓN NAS INSTALACIÓNS CUBERTAS
<p><u>-Natural:</u> 30 minutos ao inicio e remate da xornada, de forma frecuente durante esta e obrigatoriamente ao remate de cada clase ou actividade de grupo.</p> <p><u>-Sistemas de ventilación mecánica:</u> aumentar a subministración de aire fresco e limitarse ao mínimo indispensable a función de recirculación do aire interior.</p>
VESTIARIOS E ZONAS DE DUCHA
<p>Limpeza e desinfección.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Con carácter previo á apertura de cada xornada.</li> <li>• Con dilucións de lixivia (1:50) recentemente preparada ou desinfectantes con actividade viricida debidamente rexistrados: <a href="https://www.mscbs.gob.es/profesionales/saludPublica/ccayes/alertasActual/nCov/documentos/Listado_virucidas.pdf">https://www.mscbs.gob.es/profesionales/saludPublica/ccayes/alertasActual/nCov/documentos/Listado_virucidas.pdf</a></li> </ul>
ZONAS DE ESTADÍA
<p>Situación de obxectos persoais, toallas, hamacas e elementos de xeito que se poida manter a distancia de seguridade interpersonal.</p>
USO DE MÁSCARA
<p><u>-Exceptuado:</u> durante o baño ou no uso das atraccións acuáticas e mentres se permaneza nun espazo determinado, sen desprazarse, e sempre que se poida garantir o respecto da distancia de seguridade interpersonal.</p> <p><u>-Obrigatorio:</u> nos accesos, desprazamentos e paseos; no uso dos vestiarios, agás nas duchas, sempre que non se poida manter a distancia de seguridade interpersonal entre persoas non conviventes.</p>
INFORMACIÓN ÁS PERSOAS USUARIAS
<p>-Mediante cartelaría visible ou mensaxes de megafonía.</p> <p>-Información sobre normas de hixiene e prevención, así como a necesidade de abandonar a instalación ante calquera síntoma compatible co COVID-19.</p> <p>-Co fin de facilitar a cartelaría, atópase diverso material informativo na páxina web da consellería de sanidade: <a href="https://coronavirus.sergas.gal/Material-informativo">https://coronavirus.sergas.gal/Material-informativo</a></p>

Data de actualización: 9 de outubro de 2021